

Expediente nº.: 204/2026

Procedemento: Convocatoria e Probas de Selección por Concurso-Oposición (Persoal Laboral Temporal)

Asunto: BASES SELECCIÓN DE PERSOAL AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE SS.SS. 2026

Tipo de firma: ☒ Electrónica

Documento asinado por: Alcaldía

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

APROBACIÓN DE BASES REGULADORAS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL, POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN, DUN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS

Visto o informe proposta de contratación de persoal auxiliar administrativo presentado polo departamento de Servizos Sociais municipal.

Visto que concorren os requisitos de excepcionalidade da contratación dadas as circunstancias ocasionais e imprevisibles que xurdiron no departamento de Servizos Sociais e a existencia de necesidades urxentes e inaprazables, ao entenderse que co posto de traballo que se cobre van a satisfacerse necesidades de interese público que non admiten demora e que se non se atenderan prexudicarían ao servizo público.

Vistas as bases reguladoras para a contratación temporal, por circunstancias da produción, dun/ha auxiliar administrativo/a do departamento de Servizos Sociais polo procedemento de concurso-oposición libre.

Visto o informe reparo da Secretaría-Intervención adxunta número 2026-0005, de data 10.02.2026, esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Levantar o reparo número 2025-0006, polas razóns que constan no informe do departamento de Servizos Sociais que figura no expediente, considerando acreditado no expediente a concorrencia dos requisitos sinalados da excepcionalidade da contratación dadas as circunstancias ocasionais e imprevisibles que xurdiron no departamento de Servizos Sociais e a existencia de necesidades urxentes e inaprazables, ao entenderse que co posto de traballo que se cobre van a satisfacerse necesidades de interese público que non admiten demora e que se non se atenderan prexudicarían ao servizo público.

SEGUNDO.- Aprobar as bases reguladoras para a contratación temporal, por circunstancias da produción, dun/ha auxiliar administrativo/a do departamento de Servizos Sociais polo procedemento de concurso-oposición libre.

TERCEIRO.- Dispoñer a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro da anuncios da Sede Electrónica do concello [<https://meis.sedelectronica.gal>]; publicándose o texto íntegro das presente bases, completas, na Sede Electrónica e páxina web do Concello: www.meis.gal.



O prazo de presentación de instancias será de dez (10) días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

CUARTO.- A eficacia da contratación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, facéndose constar que a mesma será obxecto de cofinanciamento ao abeiro do *Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais* da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2026.

QUINTO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa-Presidenta, en Meis, na data que figura á marxe deste documento asinado electronicamente, do que a Secretaría toma razón aos únicos efectos de dar fe pública e transcripción ao Libro de Resolucións.

A Alcaldesa
Asdo.: Marta Giráldez Barral

A Secretaria-Interventora
Asdo.: María Gómez García

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

